

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DO 30 DE OUTUBRO DE 2020

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 30 de outubro de 2020, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asistiu a deputada **de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**, D.^a Montserrat Lama Nóvoa, que emitiu o seu voto por correo, nos termos previstos no Regulamento Orgánico provincial.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no canal de vídeo mediateca streaming, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do 25 de setembro de 2020.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do 25 de setembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DACIÓN DE CONTA DA VARIACIÓN PRODUCIDA NO GRUPO PROVINCIAL DE DEMOCRACIA OURENSANA (DO).-

Dáse conta do informe emitido pola Secretaría Xeral na data 26.10.2020 en relación coa variación producida no grupo provincial de Democracia Ourenseana.

A Corporación queda informada.

3º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.-

Trala ratificación previa da inclusión dos tres seguintes asuntos da orde do día, a Presidencia anuncia que se debaterán conxuntamente os puntos terceiro, cuarto e quinto.

Por parte da secretaría xeral dáse lectura ás propostas da Presidencia sobre os puntos terceiro, cuarto e quinto.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Miguel Caride (non adscrito): Para deixar constancia neste pleno indica que a súa expulsión do grupo de DO se atopa actualmente xudicializada na vía civil, xa que se interpuxo demanda civil contra o referido acordo e se solicitou a medida cautelar de suspensión da súa execución. Engade que informará a corporación das novidades que poidan darse ao respecto desta situación. Por último, agradece a comprensión da súa situación amosada na xunta de voceiros da DPO.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Intervén para trasladar a tristura do seu grupo porque esta situación se teña dado, indicando que a clase política está para servir á cidadanía a máis en tempo de pandemia e non para este tipo de *trifulcas*, agardando que isto sirva de revulsivo para afondar na democratización desta institución, e para poñer a atención na cidadanía da provincia e máis na situación de crise na que nos atopamos.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención sinalando que cando a clase política máis se ten que amosar como unha ferramenta útil para a sociedade, como nesta crise, isto non ocorre nesta Deputación. Engade que nesta Deputación se teñen que adoptar uns acordos que afectan á organización e funcionamento desta institución, debido exclusivamente á conducta tráfuga do deputado Miguel Caride, tal e como se pon de manifesto no informe evacuado pola secretaría xeral, e que lle ven dar a razón ao partido socialista. Insiste en que o Sr. Caride é un privilexiado, e que non é certo que renuncie á retribución, xa que ao ter dereito ás asistencias polas seis comisións desta Deputación, máis o que recibe do concello, ten un soldo máis alto incluso que o de moitos cargos con dedicación. Por último manifesta alegrarse de que, no seu día, o deputado J. Miguel Caride abandonara o Partido Socialista, xa que representa o contrario ao que debe ser a clase política.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Toma a palabra para lembrar que todos os deputados e deputadas desta corporación foron libremente elixidos polos respectivos concelleiros e concelleiras, e entre eles Miguel Caride, e que esta é unha cuestión que non se pode esquecer. Respecto á afirmación de que estamos ante un fracaso da política sinala que para mostra diso están os pactos aos que chegou o presidente do Goberno, que en plena campaña electoral os negara.

- 2ª intervención Miguel Caride (non adscrito): Sinala que el e os seus compañeiros no concello o único que fixeron foi poñer en coñecemento das autoridades xudiciais uns feitos presuntamente delituosos e a dita denuncia debe ser unha obriga para todos os cargos

públicos. Ese é o motivo do cese, e que a situación realmente importante é solucionar a grave crise do Concello de Ourense, engadindo que el aguantará como mínimo ata que o señor Pérez Jácome se vaia da Alcaldía do Concello de Ourense, instando aos grupos a que cheguen a acordos para solucionar o grave problema da Alcaldía de Ourense.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que como representante do BNG a liña do seu partido non vai pola confrontación, pero engade que xa que agora non hai compromisos co grupo popular por parte de Armando Ojea e Miguel Caride, teñen unha oportunidade de ouro de mudar a forma de facer as cousas nesta provincia e nesta institución, lembrando que o grupo popular non ten maioría absoluta, e que eles teñen agora esa responsabilidade.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que é obvio que o pacto entre DO e o PP está roto, cando o PP nun acto moi irresponsable abandonou todas as súas responsabilidades no concello. Engade, respecto aos asuntos que se tratan, que consiste na aplicación da lei segundo a interpretación particular que fai o secretario, manifestando que algunhas cousas que non lles gustan, polo que non van bendicir co seu voto estas decisións, lembrando que as leis non son unha ciencia exacta.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza pedindo máis tempo para a súa explicación, xa que parece que a primeira intervención non se escoitou, lembrando que non é a primeira vez que pasan cousas deste tipo. Explica que este debate é moi necesario, xa que se vai mudar a organización provincial por unha situación que non tiña que producirse, que é un caso de transfuguismo e un fracaso da política e un fracaso da provincia. Engade que o señor Caride o que ten que facer é marchar, primeiro por sustentar un goberno que tiñan que ter mudado con DO, e segundo polo seu transfuguismo. A continuación sinala que o presidente da Deputación, membro da Xunta de Goberno da FEMP, vai gobernar esta institución cun tráfuga, e isto o debe coñecer toda a provincia. A continuación sinala que o señor Caride pasa a ser un privilexiado xa que vai formar parte das seis comisións que hai na Deputación, polo que non debe facer demagogia con iso de que renuncia a cobrar a súa dedicación. Para rematar sinala que é unha evidencia que o señor Caride representa o contrario ao que se debe facer en política, e que o grupo socialista o vai a seguir dicindo.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que é cando menos curioso que se considere un fracaso da política que un deputado de DO lle dea estabilidade ao goberno provincial, pero o que pasa en Madrid, onde o PSOE pacta con todo o mundo non, engadindo

que o PP igual que o PSOE tamén pode pactar. Por último pide a toda a corporación prudencia, tanto nos tempos políticos como nos tempos xudiciais, e que polo ben da provincia de Ourense nesta Deputación hai e vai haber estabilidade.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, e da deputada de Cs (a distancia) e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Modificar a composición das comisión informativas permanentes, de tal xeito que cada comisión estará integrada por cinco (5) representantes do Grupo Popular, tres (3) representantes do Grupo Socialista, un (1) de Democracia Orensana, un (1) representante do BNG, unha (1) de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, e (1) membro non adscrito.

4º.- MODIFICACIÓN DA BASE 67ª, APARTADO D) DO CAPÍTULO XI, RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, DAS DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN PROIUNCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2020.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 3º e 5º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, e da deputada de Cs (a distancia) e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Base 67ª, no apartado d) das de execución dos orzamentos provinciais para o exercicio 2020, no seguinte sentido:

Onde di “O Grupo de Democracia Orensana disporá dun asesor técnico e un administrativo”, para a dicir: **“O Grupo de Democracia Orensana disporá dun administrativo”**.

Segundo.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións, **tendo efectos dende o 1 de novembro de 2020.**

5º.- MODIFICACIÓN DA BASE 67ª, APARTADO D) DO CAPÍTULO XI, RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, DAS DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2021.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 3º e 4º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, e da deputada de Cs (a distancia) e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Base 67ª, no apartado d) das de execución dos orzamentos provinciais para o exercicio 2021, no seguinte sentido:

Onde di “O Grupo de Democracia Ourenseana disporá dun asesor técnico e un administrativo”, para a dicir: **“O Grupo de Democracia Ourenseana disporá dun administrativo”.**

Segundo.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións, **tendo efectos dende o 1 de novembro de 2020.**

6º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2021 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2021.-

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que se trata dun servizo absolutamente necesario e máis nunha provincia coa dispersión poboacional como a nosa. Retomando o manifestado na comisión informativa sinala que quedaría por solucionar o pase á xestión directa do referido servizo, como xa se fixo noutras provincias, indicando que na súa

opinión este debe ser o camiño para o funcionamento xeral do consorcio, indicando que o seu voto será a abstención.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que este servizo parece ser que por imperativo legal, vai pasar á xestión directa provincial, interpelando ao grupo de goberno sobre o estado da situación e a constitución da comisión encargada deste asunto, solicitando que se lle expliquen a xeito de cronograma os tempos para este cambio no modo de xestión.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que as cuestións máis relevantes xa están formuladas, abondando na necesidade da constitución da comisión que estude o cambio de modelo de xestión, pedindo igualmente que se lle expliquen os prazos e a previsión para a decisión e o cambio á xestión directa, se procedese. Respecto ao orzamento sinala que está totalmente condicionado polos pagos á empresa encargada do servizo, e instando a que se solucione a problemática da baixa médica de longa duración do director técnico.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza sinalando que neste debate se falou de case todo menos do orzamento do consorcio. Respecto ás funcións do director técnico e a súa baixa médica indica que se están a cubrir, coas carencias obvias, por medio do xerente e outras persoas do propio consorcio, e que a situación se vai levando. Respecto á comisión para o estudo do cambio do modo de xestión indica que a presenza de Armando Ojea o era na súa condición de integrante do goberno de coalición, e que agora foi substituído por decreto da Presidencia, pola deputada do grupo popular Ana Villarino. Polo que refire ao cambio do modo de xestión indica que en ningún caso se trata dun imperativo legal, senón dunha decisión política que debe ser refrendada precisamente pola comisión creada. Indica que a Deputación de Ourense neste asunto vai ao seu ritmo, e que está pendente a contratación dunha consultora para avanzar neste asunto.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Respecto á interpelación realizada polo deputado do grupo popular, sinala que a descoordinación á que el se refire é do servizo a nivel provincial, xa que o mapa provincial aínda ten zonas de sombra, e que actualmente ese concello queda cuberto polo parque de bombeiros da Limia, despois dunha queixa realizada diante do subdirector xeral de emerxencias da Xunta de Galicia.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Volve incidir en que sería conveniente que se expuxesen os prazos de funcionamento da comisión, para que esta non se dilate, e máis cando en xaneiro finaliza o contrato de servizos coa actual empresa contratista.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Contesta que a decisión tomada, coa conformidade da empresa, é a de prorrogar o contrato actuando como causa de resolución a adopción da decisión do cambio do modelo de xestión, pondo como exemplo a Deputación da Coruña que prorrogou o contrato durante tres anos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, e da deputada de Cs (a distancia) e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento para o exercicio 2021, conforme co proxecto aprobado polo pleno do Consorcio o 24 de setembro de 2020, por importe de 4.311.000,00 €.

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerarase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2021.

7º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2020, N.º 6/2020.-

O Sr. secretario dá conta do contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que esta situación ven derivada dunha eiva existente nesta Deputación, que é a inexistencia dun plan único de subvencións para concellos. Trátase de subvencións nominativas nas que se producen cambios de finalidade bastante curiosos cando menos, lembrando que os concellos son maiores de idade e

deben ser eles os que decidan en que investir os cartos que a Deputación debe poñer á súa disposición. Volve insistir na necesidade de que a Deputación articule un plan único de subvencións, xa que neste caso a adxudicación das subvencións aos respectivos concellos non é xusto nin equitativo.

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza facendo un repaso das subvencións previstas nesta modificación e os cambios de finalidade previstos nela, e dende o máis absoluto respecto á autonomía municipal, insiste que cada día é máis necesario e imprescindible que esta Deputación conte cun plan único de subvencións, e máis nun ano de crise como o actual, indicando que nesta deputación hai concellos e cidadáns de primeira, de segunda e de terceira.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que se trata dunha manifestación da autonomía municipal, e que o cambio de finalidade destas subvencións está motivado nos respectivos expedientes, pasando a dar lectura aos escritos dirixidos polos concellos de Ribadavia, Xunqueira de Espadanedo e Esgos, onde se explican os motivos da solicitude do cambio de finalidade das subvencións.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala estar completamente de acordo coa intervención de Elvira Lama, lembrando que o plan único xa existe nas outras tres deputacións galegas, e que os concellos deben saber dende o inicio de cada exercicio os cartos dos que van dispoñer dende a Deputación, e eles deben decidir en que investilos e responder deste xeito ante os seus veciños. Manifesta que o seu grupo se vai a abster na votación, xa que se ben entenden que a decisión é municipal, non están de acordo co fondo da cuestión, que é como se articula o reparto dos fondos entre os concellos da provincia,

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para sinalar a importancia da autonomía municipal, xa que os concellos son os que mellor coñecen as necesidades da súa veciñanza. Sinala que o seu grupo vai votar a favor neste asunto.

- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Polas alusións realizadas polo voceiro do grupo popular, insta ao grupo de goberno a facer plans para que xente moza poida quedar na provincia, para que aumente a natalidade e para que haxa condicións de traballo para todos. Lembra que case todos os concellos da provincia perden poboación e que é responsabilidade da Deputación tratar de paliar esta situación.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Indica que a reversión da situación galopante de despoboamento é todo, menos doada, e que moi difícil de atallar tanto desde os concellos

como desde a propia Deputación, instando ás políticas estatais e europeas a incidir nestes asuntos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, de DO (1) e da deputada de Cs (a distancia) e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente modificación n.º 6/2020 das bases de execución do orzamento, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, experimentando a seguinte variación cualitativa:

a) Nos orzamentos da Deputación para o exercicio 2020 con cargo á aplicación orzamentaria **450.12.762.01** “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións”, prevíase unha subvención nominativa ao concello de Xunqueira de Espadañedo para “Mellora da rúa Vázquez Portomeñe” .

Baseándose na solicitude presentada polo alcalde o 21 de setembro de 2020 con entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **proponse o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser o de “ **Reparación e consolidación do muro de contención do Mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo** ” por importe de 42.300,00 €.

450.12/762.01 “ Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Xunqueira de Espadanedo	Reparación e consolidación do muro de contención do Mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo	42.300,00 €

b) Nos orzamentos da Deputación para o exercicio 2020 con cargo á aplicación orzamentaria 450.12.762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións”, prevíase unha subvención nominativa ao concello de Esgos para “Biblioteca municipal e aula infantil do Concello de Esgos” por importe de 47.000,00 €.

Baseándose na solicitude presentada polo alcalde o 29 de setembro de 2020 con entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día , **proponse o cambio da finalidade da subvención** pasando a dividirse en dúas “**Remate no proxecto de construción de velorio**

municipal” por importe de 18.000,00 € e para a obra “Arranxos nos pobos de Vilar de Ordelles e Fondodevila” por 29.000,00 €.

450.12/762.01 “ Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Esgos	Remate no proxecto de construción de Velorio Municipal”	18.000,00 €
	Arranxos nos pobos de Vilar de Ordelles e Fondovila”	29.000,00 €

c) Nos orzamentos da Deputación para o exercicio 2020 con cargo á aplicación orzamentaria **450.12.762.01** “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións”, prevíase unha subvención nominativa ao concello de Ribadavia para “ Gardería” por importe de 23.500,00 euros .

Baseándose na solicitude presentada polo alcalde o 7 de outubro de 2020 con entrada no rexistro electrónico da Deputación o 9 de outubro de 2020, **proponse o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser o de “**Actuacións en infraestruturas educativas no Concello de Ribadavia**” por importe de 23.500,00 €

450.12/762.01 “ Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello Ribadavia	“Actuacións en infraestruturas educativas no Concello de Ribadavia”	23.500,00 €

2º.- Conforme co previsto no artigo 33.1 c) da Lei 7/1985 LBRL e no art. 70.1 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais é competencia do pleno das deputacións provinciais a aprobación e modificación dos orzamentos, nos cales se atopan incluídas as bases de execución destes, de acordo co disposto no artigo 165 do RDL 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín

Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

8º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAL E PROVINCIAL NO EXERCICIO 2021.-

O Sr. presidente formula a proposta de que se debatan conxuntamente os puntos 8º, 9º e 10º.

Intervén o portavoz do Grupo Socialista para dicir que isto non estaba tratado en Xunta de Portavoces, polo que piden que se debatan separadamente.

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Incide en que volvemos estar ante un microprograma de cooperación, cando o que debería existir é un plan único para os concellos, como xa se trasladou na comisión informativa.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para aclarar que cando se da lectura aos ditames das comisións informativas, nese momento a representación de DO non era a actual, polo que o grupo de Democracia Ourensana non se considera vinculado polas votacións que figuran nos ditames das comisións.
- 1ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que se trata dunha cantidade insuficiente e ademais que non procedería o reparto igualitario xa que as condicións de cada concello son moi distintas.
- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Indica que se trata dun programa xa clásico nesta Deputación e que ten boa acollida entre os diferentes concellos da provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, e da deputada de Cs (a distancia) e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2021, co seguinte teor literal:

Primeira.- Obxecto:

1. *Constitúe o obxecto destas bases a regulación do programa de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2021.*

2. *Este programa se desenvolverá mediante a concesión de subvencións ás ditas entidades locais para o financiamento da prestación de servizos de limpeza das marxes da rede viaria local. A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades no sostemento do servizo público de limpeza das marxes da rede viaria municipal (prestación que se considera incluída no servizo mínimo obrigatorio de acceso aos núcleos de poboación, recollido no artigo 26 da Lei de bases de réxime local) e no cumprimento das obrigas establecidas na lexislación galega de prevención de incendios forestais. Esta colaboración condiciónase a que por parte dos concellos e mancomunidades se realicen labores de limpeza das marxes das vías provinciais e municipais, co obxectivo último de garantir o mantemento das vías en condicións axeitadas de limpeza e seguridade, dándolle ademais cumprimento ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.*

3. *Os servizos subvencionados poderán prestarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos correntes directos do servizo. Exclúense os gastos de investimento e os indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.*

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no presente Programa provincial de cooperación os concellos de menos de 20.000 habitantes e as mancomunidades integradas por estes concellos que cumpran os seguintes requisitos:

a) *Prestar o servizo de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial cunha máquina rozadora con brazo articulado, durante, polo menos, un período mínimo de tres meses no exercicio 2021. Este período mínimo deberá comprender, en todo caso, as datas nas que a Deputación estableza a limpeza obrigatoria dun número mínimo de*

quilómetros da rede viaria provincial, conforme co previsto na base sétima, apartado b). Nos supostos de períodos de prestación do servizo que non comprendan meses naturais completos, para o cálculo do cumprimento do período mínimo esixible computaranse os días naturais de prestación, considerándose un mes por cada trinta días naturais.

b) Adherirse ao presente Programa de cooperación no prazo e coas formalidades recollidas na base quinta.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 16311/46200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, tramitándose con carácter anticipado o Programa ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:

1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2021, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de 350.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2021, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

Cuarta.- Contía das subvencións:

A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será para o exercicio 2021 de 4.500,00 € por entidade local, con destino ao financiamento dos gastos subvencionables de prestación do servizo.

A contía poderá ser inferior nos casos en que así se solicite expresamente pola entidade local interesada.

En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos gastos subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá no importe correspondente para o caso de que o gasto xustificado no citado concepto sexa inferior a 4.500,00 €.

Quinta.- Adhesión ao programa:

Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que se aprobe a dita adhesión. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I destas bases, modelo que poderá utilizarse para documentar a dita resolución.

Coa solicitude deberase achegar unha declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo II.

A resolución de adhesión deberá presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

A adhesión dos concellos ou mancomunidades autorizarase mediante decreto da Presidencia, no que se concederá a subvención correspondente ata un máximo de 4.500,00 euros. A resolución de autorización de adhesión deberá ditarse antes do 19 de marzo de 2021. Na dita resolución, ou ben noutra resolución posterior, concretaranse as obrigas de limpeza da rede viaria provincial ás que queda condicionada a concesión da subvención, conforme co previsto na base 7ª.

No suposto en que o número de solicitudes exceda as dispoñibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos, tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación da documentación íntegra de cada solicitude, e non se terá en conta a data de presentación de solicitudes incursas en deficiencias formais.

No caso de producirse remanentes con anterioridade ao 23 de abril de 2021 pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia,

sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de entrada no rexistro da Deputación, tal e como se establece no parágrafo anterior.

Sexta.- Publicidade das adhesións e da concesión de subvencións:

A resolución de autorización das adhesións e de concesión das subvencións será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Sétima.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas por estas bases e pola Lei xeral de subvencións, en todo aquilo que non resulte incompatible coas bases do Programa. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Con carácter especial, os concellos e mancomunidades adheridos a este Programa de cooperación quedan suxeitos ás obrigas seguintes:

a) *A prestar efectivamente o servizo de limpeza da rede viaria municipal e provincial durante o período de tempo mínimo establecido na base segunda, dispoñendo durante ese período, cando menos, dunha máquina con condutor dedicada a estas tarefas.*

b) *A realizar especificamente os traballos de limpeza da rede viaria provincial, nos períodos de tempo e nas estradas que se especifiquen na resolución de concesión da subvención ou nunha resolución posterior da Presidencia. A determinación dos ditos traballos realizaraa a Deputación conforme coas seguintes regras xerais:*

- *Cada concello ou mancomunidade beneficiaria estará obrigada a limpar, unha vez ao ano, un tramo ou conxunto de tramos da rede viaria provincial de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude, nun período de tempo que se indicará na resolución de concesión. Os tramos obxecto de limpeza situaranse, preferentemente, no territorio da entidade local beneficiaria, pero poderán situarse en territorio de entidades locais próximas dentro da mesma comarca, tendo en conta as necesidades de mantemento da rede viaria provincial. Excepcionalmente, a petición do concello interesado, a Presidencia poderá reducir o número de quilómetros que é obrigatorio limpar nos supostos en que, ao situarse o tramo obxecto de limpeza en todo ou parte fóra do termo municipal, o cumprimento da dita obrigación supoña un sobrecusto excesivo para a entidade beneficiaria.*

- *A limpeza será de bermas, paseos, foxos e noiros, nunha banda de catro metros en cada marxe, deixando unha altura máxima de vexetación tras a roza duns 5-7 cm. Non obstante o anterior, o ancho da banda de limpeza entenderase reducido na medida necesaria cando polas características do terreo resulte materialmente imposible realizar a limpeza en toda a súa extensión.*
- *Cada concello ou mancomunidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras, cunha antelación mínima de 5 días naturais, a data concreta do inicio da limpeza, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, mediante comunicación que se presentará no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación.*
- *Os técnicos do Servizo de Vías e Obras comunicaranlles ás entidades locais beneficiarias, coa antelación suficiente e mediante notificación con acuse de recibo, a data e hora nas que realizarán as preceptivas comprobacións da limpeza das vías provinciais que se establezan na correspondente resolución da Presidencia. No acto de comprobación poderá estar presente un representante do concello ou mancomunidade beneficiaria. A inspección realizada recollerase na oportuna acta, á que se acompañará unha reportaxe fotográfica, e na que se consignarán as observacións que poida formular o representante da entidade local beneficiaria.*

Oitava.- Xustificación e pago da subvención:

1. *A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:*
 - A.- *Certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello ou mancomunidade beneficiaria, no que se fagan constar os seguintes extremos:*
 - a) *Que o servizo de limpeza viaria prestouse efectivamente nun período mínimo de tres meses do ano 2021 e ademais e en todo caso nas datas nas que a Deputación estableceu a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial.*
 - b) *Se o servizo se prestou por xestión directa, indicárase a identidade do empregado ou empregados públicos designados para a prestación do servizo e o seu réxime de vinculación xurídica coa entidade local.*
 - c) *Se o servizo se prestou por xestión indirecta, indicárase o contrato administrativo a través do que se prestou, sinalando a súa data de adxudicación, importe e empresa adxudicataria.*

d) *Relación dos custes directos subvencionables de prestación do servizo soportados pola entidade beneficiaria, indicando o seu importe.*

e) *Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.*

B.- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

2. *As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2021. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2021 e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de decembro de 2021.*

No suposto en que non se presente a documentación xustificativa en prazo, non se formulará ningún tipo de requirimento ao respecto, e procederase directamente á declaración da perda do dereito ou reintegro da subvención, previa audiencia da entidade interesada.

3. *Presentada a documentación xustificativa, emitirase informe polo Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, en relación coa corrección da documentación presentada, e polo Servizo de Vías e Obras, no que se determinará se a realización da limpeza das vías provinciais se desenvolveu nas condicións establecidas por resolución da Presidencia.*

En caso de que o informe do Servizo de Investimentos e Patrimonio sexa desfavorable, requirirase á entidade solicitante a emenda da documentación presentada, por prazo de dez días hábiles. Neste mesmo prazo, a entidade local poderá formular as alegacións que estime oportunas ao respecto, se considerase que a documentación achegada é correcta.

No caso de que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, darase traslado deste informe á entidade beneficiaria, que disporá igualmente dun prazo de dez días hábiles para a formulación de alegacións.

Os trámites anteditos se refundirán nun único trámite de audiencia e requirimento de emenda de deficiencias, no caso de que os dous informes sexan desfavorables.

4. *Concluída a instrución da peza de xustificación, o Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio (previo o informe do Servizo de Vías e Obras respecto das alegacións respecto da limpeza efectuada nas vías provinciais) formulará proposta de resolución á Presidencia.*

A dia proposta será sometida a fiscalización previa pola Intervención, conforme ao previsto nos artigos 214 a 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

A Presidencia resolverá, segundo proceda, nalgún dos sentidos seguintes:

- a) Declarar totalmente xustificada a subvención, ordenando o seu pagamento ao beneficiario, cando a xustificación se presente correctamente e o informe de Vías e Obras sexa favorable.*
- b) Declarar parcialmente xustificada a subvención, ordenando o pagamento do importe correspondente, e a simultánea declaración de perda parcial do dereito á subvención (ou do reintegro dos pagos anticipados, de se-lo caso) nos supostos en que o gasto xustificado sexa inferior á subvención concedida ou cando conste a existencia doutras axudas ou subvencións, públicas ou privadas que, sumadas á subvención provincial, excedan en conxunto do gasto xustificado.*
- c) Declarar a perda total do subvención (e a obriga de reintegro dos pagos anticipados, de se – lo caso) nos casos en que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, así como nos casos de ausencia de xustificación ou cando da xustificación presentada se desprenda o incumprimento das condicións establecidas no presente Programa.*

Excepcionalmente, nos supostos en que do informe desfavorable do Servizo de Vías e Obras se desprenda que o incumprimento da obriga de limpeza das marxes da rede viaria provincial ten un carácter leve, a Presidencia poderá declarar unicamente a perda ou reintegro parcial da subvención, reducindo esta na porcentaxe que se considere axeitada en aplicación do principio de proporcionalidade.

5. Sen prexuízo do anterior, poderá realizarse o pago anticipado do 50 % do total estimado da subvención en calquera momento posterior á adhesión ao Programa de cooperación, trala solicitude previa da entidade local beneficiaria. O pagamento anticipado suxeitarase aos requisitos establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).

6. Nos supostos en que da acta á que se refire o derradeiro parágrafo da base 7ª se desprenda un incumprimento de carácter substancial e non emendable por parte do beneficiario, a Deputación, sen necesidade de agardar á presentación da xustificación, iniciará o expediente de declaración de perda total ou reintegro da subvención, no que se dará audiencia ao interesado.

En caso de que o incumprimento advertido teña carácter leve ou sexa emendable, a entidade local beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais para emendar as deficiencias advertidas. Transcorrido o dito prazo, o Servizo de Vías e Obras xirará nova visita de inspección, da que se levantará acta con mesmo contido que na primeira visita. De persistir as deficiencias, a Deputación procederá á apertura do expediente de declaración de perda ou reintegro da subvención, que poderá ter carácter parcial en caso de incumprimentos leves. A declaración de perda parcial non eximirá á entidade local beneficiaria da obriga de presentar a xustificación prevista no apartado 1 desta base con respecto á parte de subvención subsistente.

7. A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións. Cando do informe de control financeiro se deduza a existencia de irregularidade na xustificación, a Deputación incoará o expediente de reintegro que proceda, que se tramitará conforme ao previsto na Lei xeral de subvencións e á súa normativa de desenvolvemento.

Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para a mesma finalidade, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % do gasto corrente directo do servizo subvencionado soportado pola entidade local no período mínimo recollido na cláusula primeira. No suposto de que as subvencións percibidas excedan a dita porcentaxe, a subvención reducirase ata acadar o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pagamento da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.

Estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

Décima.- Normativa aplicable:

De conformidade co establecido na Disposición Adicional 8ª da Lei Xeral de Subvencións, as subvencións incluídas neste programa de cooperación réxense polas súas

normas específicas. A Lei Xeral de Subvencións e as súas normas complementarias e de desenvolvemento serán de aplicación supletoria, agás naqueles casos en que as presentes bases remitan ás ditas normas, en que serán de aplicación directa.

En todo caso, será de aplicación a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

ANEXO I

MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2021, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

1º) Aprobar a adhesión do Concello / da Mancomunidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2021, solicitando a concesión dunha subvención por importe de 4.500 euros (no caso de solicitar un importe inferior, indíquese expresamente neste apartado a cifra solicitada).

2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.

3º) Declarar que o Concello/ a Mancomunidade de _____ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

ANEXO II

DECLARACIÓN AXUDAS

Don/Dona _____, alcalde do Concello/presidente Mancomunidade de _____, con CIF _____,

DECLARA

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

<i>Organismo ou entidade ao que solicita</i>	<i>Data solicitude</i>	<i>Concesión*</i>	<i>Contía</i>

**No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna.*

No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

9º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO 2021.-

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (BNG): Volve reiterar o xa dito sobre este programa, que se trata de fondos escasos, e que moi difícil de xustificar que concellos que non chegan aos 20 parados reciban os mesmos fondos que concellos que teñen 400 ou 500 parados. Engade que este criterio de reparto lineal non se sostén, e volve instar á posta en marcha dun plan único para todos os concellos e con criterios de reparto obxectivos. Por ese motivo indica que seu voto será a abstención.
- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Insiste igualmente en que non é admisible o sistema de reparto lineal, pondo como exemplo o plan reactiva da Deputación da Coruña. A continuación pregunta se esta Deputación vive de costas á realidade, xa que se trata das mesmas bases que en anos anteriores, como se a provincia fose allea á crise sanitaria e económica existente, non entendendo porque non se duplica a cantidade igual que se fixo na anualidade de 2020. Quere incidir en que se negan recursos, sobre todo ás familias, mentres se rescata a medios de comunicación, fundacións ou a Meisa, instando aos deputados Armando Ojea e Miguel Caride a que expliquen cal vai ser o sentido do seu voto.
- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza sinalando que se trata dun programa mellor valorados polos concellos e cunhas bases moi abertas en canto ás posibilidades de contratación para os beneficiarios. Sinala que o importe total é de 1.800.000 € para un reparto de 20.000 € por concello.
- 2ª intervención Miguel Caride (non adscrito): Explica que calquera cantidade para estes asuntos sempre pode parecer escasa, que se trata de axudar aos concellos para realizar actuacións de competencia municipal, polo que se trata dunha axuda sempre benvida e non tería sentido votar en contra súa impedindo a súa aprobación.
- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que se trata de atender a demandas dos concellos, que poderían ter importes maiores, manifestando que neste punto o seu grupo se vai a abster.
- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que ninguén lle respondeu a súa pregunta, que mudou dende marzo e abril de 2020 cando se acordou duplicar este plan, para que este ano o importe se reduza á metade. Pregunta como se lle vai explicar ás familias ás que se priva de ter acceso a un emprego nesta crise económica, e cales son as circunstancias que impiden manter a cantidade do plan de empregabilidade do exercicio anterior.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Contesta que o que mudou é a xestión nefasta de Pedro Sánchez e de Pablo Iglesias.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, e da deputada de Cs (a distancia) e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2021, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2021.

A finalidade deste Programa é a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal e da entidade local menor de Berán posibilitando o complemento dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos ou nomeamentos de persoal funcionario interino, de ser o caso, mediante a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento dos ditos contratos ou nomeamentos.

2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando contraten persoal en réxime de dereito laboral, efectúen nomeamentos de persoal funcionario interino ou subscriban contratos administrativos, típicos ou especiais, con persoas físicas suxeitas ao réxime de autónomos, para a realización de actividades da súa competencia durante o exercicio 2021. Considéranse subvencionables as contratacións ou nomeamentos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2021. Igualmente serán subvencionables as contratacións ou nomeamentos procedentes de anos anteriores que subsistan no exercicio 2021, exclusivamente en canto os custos devindicados a partir do 1 de xaneiro de 2021.

2. *Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións ou nomeamentos, incluíndo gastos salariais e de Seguridade Social, así como os honorarios ou contraprestacións económicas por servizos profesionais prestados por autónomos.*

3ª) Contía das subvencións:

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 20.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 10.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 46207/24111 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, tramitándose con carácter anticipado o Programa ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:

1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2021, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de 1.830.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2021, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

5ª) Resolucions de adhesión ó programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:

As resolucions de adhesión ó programa -que inclúen as solicitudes de subvención-subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, consonte como modelo que achégase como anexo I a estas bases.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte como modelo que achégase como anexo II a estas bases.

6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.

As solicitudes de adhesión presentadas remitiránselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:

- a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo.*
- b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencia advertidas no prazo concedido.*

A resolución de concesión das subvencións adoptarase antes do 19 de marzo de 2021 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

7ª) Contía das subvencións:

Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 20.000,00 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 10.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.

Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o gasto efectivo do contrato ou nomeamento subvencionado fose inferior á dita cantidade.*
- Se as achegas doutras administracións públicas que financian a actuación exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo da contratación ou nomeamento subvencionado.*

A redución da contía das subvencións declarase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

8ª) Xustificación da subvención:

As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2021. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2021 e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de decembro de 2021.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:*
- Relación de contratos ou nomeamentos realizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.*
 - Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaón no exercicio 2021.*
 - Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.*
- B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.*

C) *Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflecta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.*

3. *Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.*

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. *Para considerar xustificada a subvención os concellos beneficiarios deberán acreditar a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 20.000,00 euros e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior a 10.000,00 euros. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan do 100% do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.*

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.

9ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

No local onde se realicen os servizos subvencionados deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

10ª) Normativa supletoria:

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.

ANEXO I

MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2021, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

1º) Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2021, solicitando a concesión dunha subvención por importe de euros.

2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.

3º) Declarar que o Concello/ a Entidade de _____ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

ANEXO II

DECLARACIÓN AXUDAS

Don/Dona _____, alcalde do Concello/presidente Entidade de _____, con CIF _____,

DECLARA

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión*	Contía

**No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarse “pendente” na columna.
No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.*

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

10º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MARIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO 2021.-

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, e da emenda da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Miguel Caride (non adscrito): Intervén para manifestar que a emenda da Presidencia é consecuencia da moción que fora proposta por grupo provincial de CS aprobada no anterior pleno.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Volve incidir na inxustiza do reparto lineal deste programa, xa que hai concellos como O Carballiño, Verín ou O Barco de

Valdeorras con preto de 1.000 habitantes na franxa de idade propia da xuventude e outros que seguramente teñan moi poucos veciños nesta franxa. Pide que se mude o criterio de reparto lineal neste e noutros programas, insistindo ademais en que o importe é moi cativo para as necesidades que agardan aos concellos no vindeiro exercicio.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Coincide en que o reparto lineal non é a mellor idea para este programa, e que ese criterio de reparto precisa dunha revisión. Comparte o sentido da emenda da Presidencia no sentido de que sexan os concellos os que decidan libremente o destino dos fondos que se lle asignan.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que o seu grupo apoia as axudas á xuventude, pero é evidente que a contía é escasa e que o criterio de reparto lineal é obvio que non é xustificable. Engade que parece que o programa se fai para obter un titular na prensa, e que en definitiva esta institución debe apostar decididamente pola xuventude, cousa que este programa non está a facer.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Manifesta que o seu criterio é o contrario, é dicir, os concellos pequenos, ao ter menos recursos, deberían ter máis achega provincial que os concellos de maior poboación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, e da deputada de Cs (a distancia) e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2021, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2021.

A finalidade deste Programa é contribuir ó financiamento das actividades desenvolvidas polos concellos da provincia e a entidade local menor de Berán en prol da mocidade ó longo do exercicio 2021.

2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.

- 1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando desenvolvan actividades en prol da mocidade durante o exercicio 2021.*
- 2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas actividades, sempre que fosen autorizados a partir do 1 de xaneiro de 2021.*
- 3. Tendo en conta as dificultades económicas que poden atravesar os concellos no exercicio 2021 como consecuencia da loita contra a pandemia do COVID-19, no presente exercicio permitirase, de forma excepcional, que os concellos poidan utilizar a dotación económica deste programa naquilo que consideren máis urxente e necesario, excluindo gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas nas bases.*

3ª) Contía das subvencións:

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 6.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 3.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 46211/24111 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, tramitándose con carácter anticipado o Programa ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:

1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2021, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de 549.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2021, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

5ª) Resolucións de adhesión ó programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:

As resolucións de adhesión ó programa -que inclúen as solicitudes de subvención-subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, consonte como modelo que achégase como anexo I a estas bases.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte como modelo que achégase como anexo II a estas bases.

6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.

As solicitudes de adhesión presentadas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:

- a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo*
- b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen*

as deficiencias advertidas no prazo concedido.

A resolución de concesión das subvencións adoptarase antes do 19 de marzo de 2021 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

7ª) Contía das subvencións:

Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 6.000 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 3.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.

Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o gasto efectivo das actividades subvencionadas fose inferior á dita cantidade.*
- Se as achegas doutras administracións públicas que financian as actuacións exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo das actividades subvencionadas.*

A redución da contía das subvencións declarase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas a percibir polas entidades beneficiarias.

8ª) Xustificación da subvención:

- 1. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2021. Este prazo terá carácter improrrogable,*

agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2021 e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de decembro de 2021.

2. A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:

- Relación de actividades realizadas con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.*
- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaón no exercicio 2021.*
- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento das actividades subvencionadas.*

B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.

C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflecta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. Para considerar xustificada a subvención, os concellos deberán acreditar a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 6.000,00 € e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior 3.000,00 €. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan o 100 do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.

9ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

No local onde se realicen as actividades subvencionadas deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

10ª) Normativa supletoria:

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.

ANEXO I

**MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE
COOPERACIÓN**

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2021 e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

1ª) Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2021, solicitando a concesión dunha subvención por importe de euros.

2ª) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.

3ª) Declarar que o Concello/ a Entidade de _____ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da

Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

ANEXO II
DECLARACIÓN AXUDAS

Don/Dona _____, alcalde do
Concello/presidente Entidade de _____, con CIF _____,

DECLARA

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

<i>Organismo ou entidade ao que solicita</i>	<i>Data solicitude</i>	<i>Concesión*</i>	<i>Contía</i>

**No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna.*

No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

11º.- APROBACIÓN DA SEGUNDA ADENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A C.H. DO MIÑO-SIL OA, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE VILAMARÍN PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DE MELLORA DO TRATAMENTO NA EDAR DO PARQUE EMPRESARIAL DE VILAMARÍN, NO CONCELLO DE VILAMARÍN (OURENSE).

O Sr. presidente anuncia que este punto e o seguinte, conforme se acordou na Xunta de Portavoces, se debaterán conxuntamente.

O Sr. secretario expón o contido dos diferentes ditames da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que o seu grupo vai votar a favor dos dous puntos. En todo caso quere matizar que o comportamento da CH do Miño-Sil cos concellos que non son do partido socialista é exemplar. Pon como exemplo que cando el era alcalde de Ribadavia se asinou un protocolo de máis de 500.000,00 € para unha obra que debería ter asumido a Xunta de Galicia, e que cando o PP acadou a alcaldía de Ribadavia, o convenio se lle remitiu ao concello para a súa aprobación e formalización. Por iso quere incidir en que non se poden facer certas afirmacións, e que cando a CH do Miño-Sil dependía do PP, non existía nin un só convenio cun concello que non fose do Partido Popular, e aínda por riba, en moitos casos, a propia Deputación asumía a totalidade ou parte da achega municipal.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Manifesta que todo o que se está a reflectir nestes días na prensa son convenios con concellos gobernados polo partido socialista e que só faltaba que non se respectasen os protocolos asinados.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que tamén lle gustaría a outros alcaldes saber como fai o alcalde de Muíños para obter todas as subvencións e axudas que obtén da Deputación. Volve insistir en que non é certo que todos os convenios que se asinan sexan con concellos gobernados polo partido socialista, pondo como exemplo o do convenio co concello de Ribadavia.
- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Intervén para poñer como exemplo o convenio asinado no seu día entre a CH, esta Deputación e o Concello de Petín, gobernado polo partido socialista, indicando que xa lle gustaría coñecer nestes días a sinatura dalgún convenio nesa liña.
- Intervención por alusións de César Fernández (grupo do PP): Simplemente intervén para aclarar que efectivamente existía un protocolo aprobado, que se remitiu un convenio e que foi aprobado polo concello, pero que a día de hoxe o convenio está sen asinar e sen formalizar, se ben manifesta o seu desexo de que sexa asinado pola CH.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, da deputada de Cs (a distancia), do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar segunda addenda modificativa do convenio de colaboración entre a C.H. do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Vilamarín para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras de mellora do tratamento na EDAR do Parque empresarial de Vilamarín no Concello de Vilamarín (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Modificación do anexo I

Modifícase o anexo I anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

IMPORTES TOTAIS POR ANUALIDADE	
2017	14.860,65 €
2018	4.499,35 €
2019	208.450,00 €
2020	338.190,00 €

TOTAL	566.000,00 €
--------------	---------------------

ACHEGA COFINANCIADORES			
	Efectuadas a data 01.09.2020	Importe máximo pendente	Totais previstas convenio
CHMS	7.695,60 €	217.304,40 €	225.000,00 €
DPOU	170.979,75 €	54.020,25 €	225.000,00 €
CONCELLO VILAMARÍN	96.498,61 €	19.501,39 €	116.000,00 €
TOTAL	275.173,96 €	290.826,04 €	566.000,00 €

Segunda.- Eficacia

A presente addenda modificativa resultará eficaz tras a publicación no Boletín Oficial do Estado, logo da inscrición previa no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada lei.

12º.- APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL OA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DA VEIGA, PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA PARA O SEU MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO, PROTECCIÓN E MELLORA DA CONECTIVIDADE DAS MARXES DO RÍO XARES AO SEU PASO POLOS NÚCLEOS DE XARES, PONTE E BAÑOS, NA VEIGA (OURENSE).

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co punto anterior.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, da deputada de Cs (a distancia), do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a segunda addenda de modificación do convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Veiga,

para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños, na Veiga (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto da addenda

O obxecto da presente addenda é prorrogar a vixente do Convenio para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación das obras do proxecto de acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños, na Veiga (Ourense), así como modificar os importes das anualidades vixentes.

Segunda.- Prórroga do convenio

Acórdase a prórroga do convenio ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, se nesta data non se finalizaron as actuacións do seu obxecto, nin se procedeu á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme co establecido na cláusula quinta, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga dentro dos límites temporais establecidos no artigo 49.g) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

Terceira.- Modificación do anexo I

Modifícase o anexo I, engadindo a anualidade de 2021 e reaxustando as contías do seguinte modo:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL OA (50%)	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (35%)	CONCELLO DA VEIGA (15%)
2017	7.122,88 €	3.561,44 €	2.493,01 €	1.068,43 €
2018	16.054,62 €	8.027,31 €	5.619,12 €	2.408,19 €
2019	18.000,00 €	9.000,00 €	6.300,00 €	2.700,00 €

2020	190.000,00 €	95.000,00 €	66.500,00 €	28.500,00 €
2021	168.822,50 €	84.411,25 €	59.087,87 €	25.323,38 €
suma	400.000,00 €	200.000,00 €	140.000,00 €	60.000,00 €

Cuarta.- Entrada en vigor

Esta addenda modificativa resultará eficaz tras a publicación no Boletín Oficial do Estado, lodo da inscrición previa no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada lei.

2º.- Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para os exercicio seguintes as cantidades correspondentes, para asumir as anualidades do gasto indicadas.

13º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL PARA O ESTABLECEMENTO E REGULACIÓN DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PESADA E BÁSCULA INDUSTRIAL E PUNTO DE ALMACENAMENTO TEMPORAL DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN NO COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DA BAIXA LIMIA, DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE MUIÑÓS.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- Ignacio Gómez (grupo socialista): Manifesta que a recollida de voluminosos que a Deputación fai aos concellos que teñen o servizo delegado non está funcionando dun xeito axeitado, instando ao grupo de goberno a melloralo.

- Pablo Pérez (grupo do PP): Sinala que o sistema de recollida de voluminosos é mellorable, pero que se trata dun servizo delicado dende o punto de vista operativo e que depende moito da responsabilidade individual, engadindo que se trata dun tipo de residuo que se veu moi incrementado como consecuencia da pandemia. Finaliza indicando que se tratará de mellorar este servizo.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Comparte que se trata dun servizo de xestión moi complicada e no que os concellos asumen moitas veces un papel que non lles corresponde o que pode ir en detrimento doutros servizos de competencia municipal. Remata indicando que as AAPP deben incidir na concienciación cidadá, xa que é un elemento fundamental para axeitada xestión ambiental dos diferentes residuos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, da deputada de Cs (a distancia), do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación artigo 6 da Ordenanza fiscal para o establecemento e regulación das taxas pola prestación dos servizos de pesada e báscula industrial e punto de almacenamento temporal de residuos de construción e demolición no complexo medioambiental da Baixa Limia, de titularidade do Concello de Muíños, coa seguinte redacción:

“A taxa polo servizo de recepción de residuos da construción e demolición regulada nesta Ordenanza esixirase mediante liquidación emitida polo Servizo de Xestión Tributaria e Recadación de Deputación Provincial de Ourense, unha vez prestado o servizo, de acordo cos datos remitidos polo complexo medioambiental da Baixa Limia.

O cálculo da taxa farase de acordo cos datos resultantes da pesada realizada previamente na báscula industrial existente no complexo. A pesada realizarase en presenza do persoal encargado da recepción dos residuos. A persoa que entregue os residuos poderá comprobar a documentación acreditativa de verificación e control metrolóxico da báscula. En caso de desconformidade do interesado co estado da báscula ou co resultado da pesada, non se procederá a recepción dos residuos.

O pagamento das taxas realizarase nos prazos recollidos no artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen

na liquidación, nas oficinas de Correos, a través da pasarela de pagos da sede electrónica e a App da Deputación Provincial ou por calquera outro medio que se habilite pola Deputación Provincial.

No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerese polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación”.

2º.- O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios dos de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederase á publicación do texto íntegro resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

14º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DOS PUNTOS LIMPOS DA PROVINCIA DE OURENSE

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, da deputada de Cs (a distancia), do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de DO (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do apartado 10 do artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense, publicada no BOP n.º 299 do 31 de decembro de 2019, (corrección de erros no BOP n.º 7 do 10 de xaneiro de 2020) no seguinte teor:.

10. As contías das tarifas serán revisadas anualmente, de acordo coa seguinte fórmula de revisión:

Coeficiente de revisión para $A_{+1} = CRA_{-1}/CRA_{-2} \times 0,9435 + 0,0565$ Onde:

Coeficiente de revisión para A_{+1} é o coeficiente de revisión das tarifas para o ano seguinte o ano no que se tramita a revisión (A), a aplicar sobre as tarifas vixentes no ano en curso (A).

CRA_{-1} é o sumatorio dos custos anuais repercutidos na liquidación practicada para o ano A_{-1} , que se corresponde coa do ano anterior a do ano A sobre o que se aplica a revisión.

CRA_{-2} é o sumatorio dos custos anuais repercutidos na liquidación practicada para o ano anterior ao do CRA_{-1} (é dicir: A_{-2})

2º.- Non aplicar neste ano 2020 a fórmula de revisión de tarifas para o ano 2021, dado que a variación producida entre os anos 2018 e 2019 (que foi á baixa) xa está incorporada nas tarifas vixentes no ano 2020.

3º.- O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios dos de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederase á publicación do texto íntegro resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

15º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA RECLAMAR UNHA XESTIÓN TRANSPARENTE, EFICIENTE E PÚBLICA DA ESTACIÓN DE MONTAÑA DE MANZANEDA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoñan o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo PS de G-PSOE): Expón indicando as potencialidades da estación, se ben estas non se están aproveitando por parte dos administradores e xestores da estación. Como exemplo sinala o forte investimento nuns canóns de innivación que non están a producir efecto ningún para alongar a tempada esquí, ou

os recorrentes préstamos participativos que tanto a Xunta como a Deputación teñen que facerlle a Meisa para garantir a súa viabilidade. Engade que os concellos foron expulsados do consello de administración da entidade de xeito inexplicable e deixándoos fóra da toma de decisións. Continúa o relato indicando que en datas recentes se licitou por Meisa a xestión do servizo, se ben as dúas ofertas presentadas foron excluídas da licitación, ao que se lle suma unha chea de denuncias e queixas sobre as instalacións e os servizos que se prestan nesa estación. Sinala que estamos ante unha xestión deficiente, escurantista e chea de irregularidades. Por último da lectura ás proposta de acordo, relativas a instarlles á Xunta de Galicia e á Deputación de Ourense a nomear como membros do consello de administración da sociedade ao alcalde de Manzaneda e á alcaldesa da Pobra de Trives, a cesar a actual xestora e a aplicar un modelo público de xestión con medios solventes, así como instar á Deputación a que cumpra os seus compromisos adquiridos e remate as obras na estrada de acceso á estación.

- 1ª intervención Miguel Caride (non adscrito): Sinala que estamos ante unha infraestrutura única en Galicia e que debe ser apoiada por esta Deputación, se ben o principal problema, e que mediatiza todo, é que existe ausencia de neve, polo que hai que avanzar cara un modelo de desestacionalización da estación e dos seus servizos. Respecto á incorporación dos concellos ao consello de administración sinala que é unha cuestión puramente legal e que o accionariado é o que é, e respecto ao modelo de xestión sinala que debe ser Meisa a que decida cara onde se dirixe o futuro da estación, decisión na que tanto Xunta como Deputación deben influír pola súa presenza nos órganos de goberno da sociedade.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do PP): Comeza sinalando que no último debate sobre este asunto neste pleno se falaba dunha nova etapa coa licitación do servizo, e agora resulta que as ofertas e as empresas presentadas non compren as condicións do prego de condicións. Engade que algo se lle debe escapar, porque a situación é cando menos sorprendente. A pregunta agora é cando vai vir a este pleno o seguinte préstamo participativo a favor de Meisa por esta Deputación, polo que hai que reformular o futuro desta infraestrutura. Neste sentido lembra que se gastaron cinco millóns de euros nos canóns de innivación e que non solucionaron para nada a situación da estación. Volve reclamar a presenza dos alcaldes no consello de administración, que sería un acto de transparencia, e que se pode facer por canles perfectamente legais. Respecto ao viario de acceso concorda coa

petición que se formula na moción, para que sexa asumido pola Deputación, anunciando o voto favorable do grupo do BNG á moción.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Indica que está fora de toda discusión que nos termos dunha concesión privada aquilo é claramente inviable e ruinoso. En todo caso indica que é unha infraestrutura necesaria para a comarca e necesita apoio público, pero este non debe ser inxectar diñeiro e máis diñeiro. Antes ou despois terase que pasar á xestión pública aínda que se perdan cartos. Respecto ás propostas de acordo da moción manifesta que encontra certa contradición entre o primeiro punto e o segundo, que en todo caso terá que rematar nunha xestión pública, con algún tipo de presenza dos respectivos alcaldes, xa que actualmente non se está a protexer o interese público.

- 1ª intervención Álvaro J. Fernández (grupo do PP): Comeza a súa intervención sinalando que a estación de Manzaneda debe ser un proxecto estratéxico non só da comarca senón da provincia. Dende o ano 2015 en que a Deputación volveu entrar no accionariado da empresa, esta experimentou o maior avance e mellora das súas infraestruturas de toda a súa historia. A continuación relata as achegas económicas feitas por esta Deputación, e a renovación de todas as infraestruturas hostaleiras e sobre todo deportivas, o que considera un claro exemplo de discriminación positiva para esta comarca. Porén do sinalado indica que a situación de pandemia paralizou toda a actividade na estación, e que en todo caso a estación depende da variable do clima, ao igual que sucede noutras moitas estacións de España. En todo caso este goberno provincial aposta e apostará por esta infraestrutura estratéxica, cun compromiso innegable agora e no futuro. Respecto á licitación indica que en breve se reunirá o consello de administración para tomar unha decisión sobre o futuro da estación, que debe ir máis cara unha estación de montaña e menos cara unha estación de inverno. Remata sinalando que o novo modelo de xestión debe estender os seus servizos ao longo de todo ano, e lembrando o desleixo do bipartito PSOE-BNG con ela cando gobernaron na Xunta de Galicia.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo PS de G-PSOE): Sinala que nada ten que alegar respecto ás achegas económicas da Deputación a esta estación nos derradeiros anos, pero lembrando que co goberno bipartito nos anos 2005-2009 a Deputación “abandonara o barco”, polo que compromiso innegable pode ser cando menos discutible. Respecto á presenza dos alcaldes no consello de administración, pon como exemplo as empresas públicas que xestionan Sierra Nevada ou as estacións da C.A. de Aragón, dan representación a alcaldes e grupos da oposición. Seguidamente fai un repaso histórico da xestión dos últimos anos,

comezando polo acceso á información que se ven reclamando e negando sistematicamente desde a Deputación, para a continuación dar lectura a algunhas opinións en redes sociais de persoas usuarias da estación, a maioría delas negativas. Respecto ao prego de condicións da xestión integral da estación publicados recentemente, indica que non ten desperdicio e que é moi mellorable.

- 2ª intervención Miguel Caride (non adscrito): Insiste en que co reparto accionarial actual e os estatutos vixentes non sería posible a presenza dos respectivos alcaldes no consello de administración. Sobre o futuro da estación é evidente que pasa pola desestacionalización da mesma, e apunta que as empresas que concorreron á licitación son en principio solventes e que coñecen o sector.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que en termos xerais concorda co manifestado polo grupo socialista. Respecto ás inversións relatadas polo voceiro do grupo popular sinala que ese plan de inversión nos levou precisamente a esta situación, e que a viabilidade non mellorou. Amosa a súa estrañeza porque non existan fórmulas para arbitrar a representación dos concellos no consello de administración e que debería establecerse un plan de viabilidade con fitos certos, marcado pola desestacionalización e cun xestor solvente.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que todo o acontecido resulta difícil de crer senón existisen intereses ocultos en que todo siga como está. Visto o visto entende que a xestión ten que rematar sendo pública, porque é inviable dende o punto de vista privado, e anuncia que o seu grupo votará a favor da moción presentada.

- 2ª intervención Álvaro J. Fernández (grupo do PP): Comeza sinalando que as incidencias na xestión deste tipo de infraestruturas e a ausencia de neve son a nota común nos derradeiros anos en todo o estado. Lembra que as vocalías que ocupaban os concellos no consello de administración eran cedidas pola Xunta e pola Deputación, pero que non lles correspondían en función da súa participación no accionariado. Ademais lembra que Meisa sempre estivo receptiva ás peticións que formulan os concellos do seu ámbito territorial. Seguidamente explica que a Deputación da Coruña, gobernada polo PSOE e o BNG, realiza as súas campañas de promoción de esquí na estación de Leitariegos noutra Comunidade Autónoma e esquecéndose da única infraestrutura en Galicia e con mellores instalacións, ao contrario que fai a Deputación de Ourense que apoia o programa Esquiou que se desenvolve en Manzaneda. Por último indica que o goberno provincial seguirá a traballar para que Meisa arranque e desenvolva todo o seu potencial.

- Quenda de peche Aurentino Alonso (grupo PS de G-PSOE): Simplemente sinala que a Deputación da Coruña elixiría Leitariegos porque alí habería neve. Por último insta a que exista un plan de viabilidade, que non todo pasa por investimento, senón por un plan serio e de futuro, xa que a competencia é cada vez maior, e debe profesionalizarse a estación. Remata esixíndolles á Xunta de Galicia e á Deputación un futuro para a estación de montaña de Manzaneda e as comarcas do oriente ourensá, esixindo unha xestión transparente da estación, que debe pasar por devolvelle ao alcalde de Manzaneda e a alcaldesa da Pobra de Trives a súa presenza no consello de administración de Meisa.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito e da deputada de Cs (a distancia).

16º.- MOCIÓN DO BNG PARA ACTUACIÓNS PARA O FREO DAS CONSECUENCIAS DA COVID-19 EN RESIDENCIAS DE MAIORES.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza dando lectura á súa moción, explicando que a perigosidade da pandemia do COVID-19 vese incrementada neste tipo de instalacións, e aínda máis nas que albergan a un maior número de persoas usuarias. Dentro dos xestores indica que as maiores cifras de infectados, tanto en usuarios como en persoal, se atopan nas xestionas pola Fundación San Rosendo e pola multinacional DomusVi. Engade que máis do 14% das residencias existentes na CA tiveron ou teñen casos de coronavirus, se ben só un 1% das de xestión pública están nesa situación, cando tan só un 15 % das residencias existentes en Galicia son de xestión pública. Manifesta que a Deputación debe posicionarse no modelo de xestión que debe darse a este tipo de instalacións e respecto á situación xeral que se está a dar. Por último pasa a dar lectura ás propostas de acordo da moción, consistentes en instar á Xunta de Galicia a blindar ás residencias privadas fronte a segunda ola do COVID-19 e posibles repuntes do virus a través dunha intervención pública que supervise as actuacións do seu persoal e garanta o cumprimento dos protocolos, instar á

Xunta de Galicia a ampliar os cribados periódicos para este tipo de instalacións e a facer públicos os expedientes abertos a residencias galegas dende o inicio do estado de alarma, e publicar de xeito transparente os datos referidos á incidencia do COVID-19 nas residencias de maiores, e xa por último que a Deputación condicione as axudas e subvencións a este tipo de residencias a que estas sexan de xestión pública e que non superen o límite de 35 prazas por unidade de actuación nin 2 usuarios por habitación.

- 1ª intervención Miguel Caride (non adscrito): Partindo de que a propia moción xa fala da situación de Galicia e de que é unha competencia da Consellería de Política Social, sinala que sendo o BNG a segunda forza política de Galicia, debe ser nese Parlamento onde se debaten estes asuntos. En todo caso lembra que existe un protocolo aprobado e vixente, o último de data 20.10.2020, e que debe existir moita coordinación e un mando único dende Santiago para toda a Comunidade de Galicia. Polo indicado sinala que non vai apoiar a moción, engadindo que o punto quinto lle suxire bastantes dúbidas legais sobre a imposición das limitacións alí propostas.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Indica na súa intervención que lle gustaría romper unha lanza a prol das residencias privadas en base á súa perspectiva persoal, e que non se deben criminalizar. Insiste no perfil das persoas usuarias destas residencias, e a dificultade de traballar con protocolos cos estas persoas, coas que debe existir contacto físico porque na maioría dos casos non se poden valer por si mesmas, e as interaccións co exterior son a veces imposible. Engade que seguramente a Xunta de Galicia está tentando facelo do mellor xeito posible, se ben se trata de esixencias todas elas, as que figuran nas propostas de acordo da moción, que poden ser asumidas, se ben a cuestión de fondo é moi complicada de resolver, e debería evitarse esta cuestión no debate político e poñerse todos de acordo en temas tan trascendentes.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza amosando o apoio do seu grupo á moción, xa que esta está formulada en termos construtivos e é similar a unha presentada polo seu grupo provincial. Pide consenso entre todos os grupos para mellorar unha xestión tan necesaria nestes asuntos. Respecto das propostas de acordo da moción sinala que todas son xustas e asumibles. Lembra que Félix Rubial recentemente, dixo que había que mellorar os protocolos das residencias de maiores, respecto ao aumento do número de cribados entende que é un mecanismo máis que necesario, que todos os grupos deben estar a favor de todo o que supoña transparencia e dación de conta dos datos oficiais. Con respecto ao

punto cinco engade que debe instarse tamén á Xunta de Galicia a ter maior número de prazas públicas, xa que a xestión pública segue a ser unha garantía.

- 1ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): Comeza sinalando que as persoas usuarias das residencias de maiores son e seguirán sendo unha prioridade para a Xunta de Galicia. Respecto aos protocolos sinala que o que se dixo por parte de Félix Rubial é que os protocolos hai que cumprilos. Respecto á petición de transparencia, pon como exemplo de xestión escurantista a do Goberno de Estado, que nin facilita datos, nin comité de expertos, nin nada. Lembra que a Xunta de Galicia antes do 13 de marzo xa contaba cun protocolo de actuación para os servizos sociais, unha semana antes da publicación dos criterios a nivel nacional. Sinala que a autoridade sanitaria en Galicia xa tutelou todas as residencias, sexan públicas ou privadas, se reforzaron con máis de 1.000 profesionais, se conseguiu material de protección para as residencias. Seguidamente lembra que o vicepresidente do goberno do estado asumira, coa declaración do estado de alarma, o mando único nesta materia. Seguidamente relata unha serie de datos comparativos con outras comunidades autónomas e outros estados. Respecto á intervención de residencias indica que a mesma se fai con criterios estritamente sanitarios, e que dende a Xunta de Galicia se está a traballar nun novo modelo entre a atención social e a sanitaria e como mostra se creou unha nova DX no novo organigrama do goberno galego. Para rematar sinala que a Xunta segue defendendo o traballo feito, pero que non se pode contar co goberno do estado, instando ao grupo do BNG, segunda forza no parlamento de Galicia, a continuar traballando e non facer demagogia nun asunto de tanto importancia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que dende o BNG se considera que dende o Goberno do estado se fixo unha mala xestión da pandemia, pero que non apoiaron a moción do PP no Parlamento de Madrid porque estaba baseada en motivos ideolóxicos e políticos, e non sanitarios. Lembra que a competencia en materia de servizos sociais é esencialmente autonómica. Respecto da moción proposta, sinala que se refire en todo caso a unha intervención limitada, e que é evidente que algo está a fallar porque os datos son malos, e que eses datos amosan que estes problemas non se están a dar en residencias pequenas, polo que as axudas deben darse ás que aposten por ese modelo, lembrando que a Deputación carece de bases reguladoras e de criterios para o seu outorgamento. Por último sinala que evidentemente, esta proposta, xa se levou ao Parlamento galego.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para amosar a súa confianza nas residencias privadas, e sinala que en moitos casos en que houbo intervención da Xunta de Galicia, a situación non mellorou nesas residencias. Remata indicando que votarán a favor da moción proposta, polo aspecto simbólico ou o efecto placebo da moción, xa que a Deputación non ten competencias directas nestes asuntos, e unicamente se trata de instar a outras administracións.
- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que esta moción axuda a poñer en valor o traballo dos traballadores destas residencias. Respecto ás verbas de Félix Rubial amosa unha nota de prensa onde se recollen estas, e onde se fala de mellorar os protocolos, non de cumprilos. A continuación relata unha serie de datos desta provincia, lembrando que a Deputación premia con subvencións nominativas a construción de residencias nas que logo o Consello de Contas informa da existencia de irregularidades na súa xestión. Sobre a xestión desta Deputación na provincia máis avellentada do estado nesta pandemia indica que esta non existe, instando aos diferentes grupos a que apoiem unha moción tan importante e necesaria.
- 2ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): Respecto ás verbas de Félix Ruibal, volve insistir en que falou de cumprir os protocolos existentes. A continuación sinala que a autoridade sanitaria no caso de alarma é o goberno central, e que non hai dúbida, segundo a Lei orgánica de saúde pública. A continuación procede a explicar o voto negativo do seu grupo a cada un dos puntos da moción, primeiro porque todas as residencias de Galicia xa están tuteladas pola súa respectiva área sanitaria, segundo porque os cribados non son a única ferramenta de loita contra o COVID-19 e xa figuran no protocolo, terceiro porque a documentación está especialmente protexida pola lei de protección de datos, cuarto porque se informa diariamente do número de positivos e falecementos e no último punto porque a Xunta de Galicia xa está traballando nun novo modo de xestión, como se explicou.
- Quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Remata indicando que se trata dunha situación moi complicada para todos, especialmente para os que teñen responsabilidades de goberno, pero que é un problema que agora mesmo temos enriba da mesa, e que agora mesmo a moción debería servir alo menos como chamada de atención e non atopa xustificación na negativa á presente moción.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito e da deputada de Cs (a distancia).

17º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A PROBLEMÁTICA DA VIVENDA EN GALICIA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoñan o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rafael Rodríguez Villarino (grupo PS de G-PSOE): Comeza sinalando que se trata dun problema recollido na propia Constitución española que é o do dereito a unha vivenda digna e adecuada para todas as persoas. Lembra que estamos en época de pandemia e que vai a afectar sobre todo ás persoas. Na moción pídese o respaldo para unha competencia que é autonómica e podamos instar á Xunta para que tome medidas que garantan este dereito, impulsando políticas de vivenda nese sentido e evitando o uso especulativo da vivenda, que desenvolva un parque público de vivendas de aluguer e unha mellor xestión do parque público de vivendas protexidas e que mobilice o gran parque de vivenda desocupada. Estima que é moi necesaria esta última acción, entendendo que o problema da ocupación é un problema moi menor e con moita menos repercusión que o dereito á vivenda digna para todos. Finaliza a intervención solicitando o voto para unha moción que estima oportuna e que serve para amosar que os deputados e deputadas son útiles para a veciñanza, e que a Xunta de Galicia debe dedicar todos os seus recursos dispoñibles a garantir este dereito e evitar a problemática dos sen teito, e máis nunha época de pandemia como a actual.

- 1ª intervención Miguel Caride (non adscrito): Sinala que dende a crise de 2007 a política de vivenda vai mudando, e neste tema hai confrontación de intereses, cando non coincide o propietario e o usuario da vivenda. Indica que a moción lle parece xenérica, e que o tema de mobilizar vivenda baleira é un tema certamente arriscado e complicado, e que non se prevén medidas concretas na moción.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do PP): Sinala que tal e como está a proposta de acordo non xera ningún problema votar a favor, deixando aberto para a Xunta de Galicia

decidir cales son as medidas concretas. A mobilización do parque de vivenda é similar á mobilización do banco de terras, e aí é onde ten que intervir a administración, con garantías cara o propietario. Engade que os casos de vivendas ocupadas con denuncia na provincia son unicamente dous, e que os maiores ocupantes de vivenda neste país son os fondos voitre. Por último lembra que o dereito á vivenda digna é un dereito constitucionalmente protexido.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Indica que o estado debe garantir un mínimo en sanidade, educación ou vivenda. Engade que a alternativa a que a xente non teña unha vivenda digna tamén custa cartos en termos de salubridade, conflitividade social, seguridade e outros aspectos. Respecto da moción sinala que a falla de concreción e vista a súa abstracción, fan que sexa fácil coincidir con ela e votala a favor, indicando que votará a favor porque simplemente amosa unhas liñas xenéricas, e advirte que neste asunto como consecuencia da crise económica, o estado vai ter que intervir en todo caso.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Comeza indicando que ten dúbidas de cal debe ser a intención desta moción, que mestura o dereito á propiedade privada co dereito á vivenda. Di que na súa opinión estes dereitos, propiedade privada e vivenda digna, están en planos totalmente diferentes, e que non é máis cunha estratexia para que a xente poida interpretar que estar a favor dunha implica estar en contra da outra. Respecto da problemática da vivenda e centrándose na moción, indica que a mesma está totalmente baleira de contido, que non basta con identificar un problema, senón que hai que aportar solucións, e non valen as xeneralidades senón que hai que descender ao concreto. Seguidamente pasa a expoñer algunhas das medidas do goberno galego en política de vivenda, como a nova lei de vivenda, o programa de realoxo de afectados por expulsións, o bono de aluguer, a potenciación da rehabilitación ou outras. Remata indicando que, polas razóns expostas, votarán en contra desta moción.

- 2ª intervención Rafael Rodríguez Villarino (grupo PS de G-PSOE): Comeza sinalando a capacidade que ten o grupo popular para buscar sempre escusas para non apoiar unha moción do grupo socialista. Indica que nesta Deputación parece que só se trata de manter o status quo pero nunca axudar ou ser útiles á cidadanía. Sinala que en Galicia hai 230.000 vivendas baleiras e que o goberno do estado pretende facer cousas que axuden a cidadanía como son a suspensión de desafiuzamentos, condonacións parciais de rendas de alugueres, prórrogas de alugueiros, plan estatal de vivenda cunha importante dotación orzamentaria e outras. Sinala que a política actual de vivenda da Xunta baséase en regulamentacións pero sen orzamento,

comparando as cifras de vivendas protexidas que promoveu o goberno bipartito en Galicia e que nun só ano supera ás de todos os anos do goberno de Feijoó. Remata sinalando que no rexistro de demandantes de vivenda de Galicia hai máis de 13000 persoas inscritas, instando ao grupo popular a facer por fin algo útil.

- 2ª intervención Miguel Caride (non adscrito): Sinala que se trata de facer propostas concretas, lembra que existe o instrumento da iniciativa legislativa sobre vivenda digna, que o PS de G-PSOE pode instar, e que esta moción non é máis que un brinde ao sol e unha mera declaración xenérica.

- 2ª intervención César Fernández (grupo do PP): Entende que as posturas dos grupos semellan bastantes claras, pero que o que a moción pretende é unicamente facer referencia a non sei que sinaturas en defensa da propiedade privada e en contra da ocupación, pero non aporta nin unha soa medida a favor do dereito á vivenda digna.

- Quenda de peche Rafael Rodríguez Villarino (grupo PS de G-PSOE): Remata indicando que a postura do grupo popular é incompreensible, e que non apoian os problemas realmente importantes como o da vivenda digna. Engade que a iniciativa legislativa é totalmente compatible con esta moción, e que aquí se trata de asumir decisións persoais co seu voto, pero a realidade é que o grupo popular e o señor Caride nin gobernan nin deixan gobernar.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito e da deputada de Cs (a distancia).

18º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

19º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de setembro de 2020 e dos seguintes adicionais: 1º de xullo e 1º de agosto de

2020.

Os membros da Corporación quedan informados.

20º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Rafael R. Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta porqué non se fixo entrega, pese a telo solicitado, do escrito de renuncia do señor Caride á retribución do cargo de vicepresidente.

A Presidencia contesta que consta no rexistro como remitida en data 20.10.2020, pero en todo caso ao rematar a sesión será entrega.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta cal é o posto de traballo, funcións e horario de traballo de Avelino Pazos Pérez, alcalde de Castrelo de Miño.

A Presidencia dá lectura ao informe do servizo de Recursos Humanos da Deputación, onde figura como persoal laboral fixo, co posto en propiedade de capataz de RSU na sección de residuos e enerxía, e actualmente e por resolución da presidencia de 30.01.2019 ten unha atribución temporal de funcións de oficial de tecnoloxías ambientais con horario de 7.45 a 15.15. Por ultimo dáse lectura ás funcións do dito posto segundo a RPT provincial.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre o servizo de transporte municipal no concello de Castrelo de Miño, ata que foi eliminado, e que nunca contou co apoio económico desta Deputación, mentres que outros como A Bola ou Melón si teñen apoio, preguntando que méritos teñen estes concellos para ser merecentes do apoio económica da Deputación.

A Presidencia contesta que o concello de Melón nunca contou con esta axuda, que os que a reciben son os de Punxín e A Bola e é porque así o solicitaron, mentres que o concello de Castrelo de Miño nunca o solicitou.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre as subvencións concedidas a entidades deportivas e os seus importes.

A Presidencia indica que como o informe elaborado pola sección de subvencións é bastante extenso, non vai proceder á súa lectura, e será entregado ao rematar a sesión.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre o proxecto técnico aprobado para as obras na estrada de Santo Agostiño encoro das Pías por Cepedelo, no concello de Viana do Bolo, pregunta en que fase se atopa a execución deste proxecto.

A Presidencia da lectura ao informe da directora da Área de Infraestruturas, onde indica que o proxecto foi aprobado na data 22.06.2020, e que precisa de autorización municipal, e afeccións sectoriais. Na data actual indica que falta o informe de CH para finalizar as actuacións preparatorias do expediente de contratación.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre a solicitude do BNG no concello de San Cibroa das Viñas sobre a obra de instalación de semáforos a demanda na rúa Salgueiros, onde se contestou pola alcaldía a existencia dun proxecto provincial sobre esta cuestión.

A Presidencia dá lectura ao informe da directora da Área de Infraestruturas onde indica que está en fase de redacción un proxecto para a regulación semafórica na OU-0514 viario do polígono e na OU-0559 alto do Cumial, que contempla a colocación dunha serie de instalacións ás que pasa a dar lectura. Engade que ao rematar a sesión entregará copia do referido informe.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula o rogo de que se valore a reorientación de fondos provinciais destinados ás agrupacións musicais que non foron executados por mor da pandemia para axudar ao sostemento das bandas e agrupacións musicais da nosa provincia.

A Presidencia contesta que esa reorientación se está a facer despois dunha reunión co sector.

- Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Traslada a solicitude do alcalde do concello de San Amaro, reiterada en dous escritos, para unha reunión coa Presidencia da Deputación.

A Presidencia contesta que se xestionará a axenda para poñer data á reunión solicitada.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre as melloras ofertadas no prego de condicións pola empresa adxudicataria da obra relativa aos canóns de innivación da estación de Manzaneda, se se van cubrir con grava todo o que era o manto vexetal e que actualmente está así nalgunhas zonas da estación e por último roga que se retiren unha pedras depositadas na beira dunha das pistas de esquí da estación.

A Presidencia indica que contestará por escrito.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre, visto o informe da secretaría xeral de data 26.10.2020, cal vai ser o tempo de intervención do deputado non adscrito no pleno da Corporación, e se vai dispor dunha ou dúas quendas.

A Presidencia indica que na xunta de portavoces se acordou dúas quendas de intervención de dous e un minuto respectivamente.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pide que conste en acta que no pleno de outubro de 2020, en plena crise, o grupo socialista non votou en contra en ningún dos dezasete puntos da sesión, ao contrario do que fixo o grupo popular e o deputado non adscrito.

- Armando Ojea (grupo de DO): Indica non sentirse vinculado pola xunta de portavoces onde se acordou a distribución de tempos para o deputado non adscrito, e pregunta se isto se volverá tratar na vindeira reunión deste órgano.

Intervén o secretario xeral para indicar que no informe de data 26.10.2020 unicamente se fai unha recomendación, xa que os tempos de intervención veñen establecidos no regulamento orgánico provincial. O problema xorde cando o regulamento se refire sempre ás intervencións dos voceiros, e que ao non estar prevista a intervención dos deputados non adscritos, pero que si teñen recoñecido ese dereito por reiterada xurisprudencia, formulouse a referida recomendación no informe, que foi asumida na xunta de portavoces con quendas de dous e un minuto.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 20º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 20º](#)

ANEXO: pegada dixital do vídeo.

Url - <http://depourense.seneca.tv/s/ug49IxIsjeHbsinFAqk1MYoSMKgwYQzr.wmv>

SHA512

5f44b0a0392d0e711d2d818d38474c4d775aff397d51a0eef79bdf1c2209377ef86b1d8
cbfa8ff804d38553c3c7c3b1e132650d2cd93454d92838f961d2aa7d1

E, ás 15.20 horas do citado día 30 de outubro de 2020, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará de xeito electrónico. Dou fe.